

CELEBRACIÓN EN OS COTOS

15-16 de novembro do 2025

XXXIII SEMANA DO TEMPO ORDINARIO C



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 n° 4 *Amigos nas penas e na festa amigos*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Mirando ao noso arredor atopamos un mundo que non entendemos, no que hai guerras sen sentido, divisións entre as persoas, desigualdades escandalosas, pobreza, xente que malvive na miseria, migrantes que ninguén quere aceptar no seu país, abusos de todo tipo e outra enchenta de realidades que causan en nós sentimentos de desacougo, tristura e medo.

E hoxe no evanxeo Xesús dinos “non teñades medo”, “estade atentos”. Quere dicirnos que non deixemos de lado estas preocupacións, por iso temos que estar atentos e non ter medo a loitar ante as inxustizas que sofren tantas e tantas xentes, e poñer da nosa parte todo o que sexamos capaces para buscar solucións.

Claro que hai moitas cousas que nos meten medo, pero quedarnos de brazos cruzados non é solución. Xesús vainos animar a ser perseverantes para poñer sentido á vida. Vale a pena o que agora facemos.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Queremos agora pedir perdón ao Deus da vida, por tantos erros como temos. Está nas nosas mans facelo mellor, e facémolo ben agora recoñecendo o noso pecado pedindo perdón:*

Monitor/a

✓ Porque vivimos moitas veces sen comprometer a vida na transformación do mundo. Señor, perdoo e ten piedade de nós

✓ Porque vivimos moitas veces sen comprometer a nosa vida na renovación da Igrexa. Cristo, perdoo e ten piedade de nós

✓ Porque vivimos moitas veces cheos de medo pechando os ollos aos gozos e ás esperanzas do mundo de hoxe. Señor, perdoo e ten piedade de nós

Celebrante: *Deus, Pai agarimoso ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, e dos que xa non teñen esperanza. A todos nos concede Deus o perdón dos pecados e por Cristo Resucitado nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentándolle a Deus o que levamos no corazón, e temos presente as xentes e pobos que sofren inxustizas sen esperanzas.*

(Silenzio)

Celebrante:

Señor, non hai outra felicidade plena e perpetua senón a de te servir a Ti, creador de todo ben; concédenos vivir sempre alegres no teu servizo dando unha man ás persoas e pobos que necesitan VIDA e PAZ.

Pedímoscho por Xesucristo, teu Fillo e Irmán noso que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *Na primeira lectura que hoxe imos escoitar, Paulo, dá ánimos a aquela comunidade e pídlle que non deixen de facer o ben.*

No evanxeo Xesús é consciente de que os camiños non van ser doados. É máis, Xesús advírtelle aos discípulos que se lle aveciñan tempos duros, pero non poden perder a esperanza por moi mal que vaian as cousas. Escoitémolos nós tamén.

No Leccionario I C páx 280 2 Tes 3, 7-12 LECTURA

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA
NA SEGUNDA CARTA DE SAN PAULO
AOS TESALONICENSES**

Irmáns e irmás:

Ben sabedes vós de que modo debedes imitarnos, xa que non nos dedicamos a andar sen xeito nin comemos de moca o pan de ninguén, senón que traballamos noite e día con esforzo e fatiga por non sermos unha carga para ningún de vós. Non porque non tivésemos dereito, senón para vos dar un exemplo que imitar, e porque, cando estabamos onda vós, xa vos demos esta norma: o que non queira traballar, que tampouco non coma.

Porque chegou aos nosos oídos que algúns de vós andan descamiñados e por riba de non traballaren nada, entremétense nas cousas dos demais. A eses mandámoslles e aconsellámoslles no Señor Xesús Cristo que traballen con acougo e que coman o seu propio pan. E vós, irmáns, non cansedes de facer o ben.

Palabra do Señor

🎵 n° 7 *Andarei na presenza do Señor* **SALMO**

(*en pé*) *No Leccio I C páx 280* Lc 21, 5-1 **EVANXEO**

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela comentaban algúns a fermosa cantería con que estaba construído o templo, e os exvotos que o adornaban. Pero Xesús díxolles:

- Todo isto que estades a contemplar, días virán nos que o derrubarán ata que non quede pedra sobre pedra.

Eles preguntáronlle:

- Mestre, dinos, cando van pasar estas cousas? Cal será o signo de que van suceder?

El empezoulles a dicir:

- Estade atentos, para non vos extraviar. Porque han vir moitos no meu nome, dicindo: "son eu" e "está a chegar o momento", pero non os sigades. Cando oiades falar de guerras e desordes, non vos asustedes; que iso ten certamente que acontecer primeiro, pero aínda non será a fin.


Entón díxolles:

- Erguerase pobo contra pobo, reino contra reino; habrá grandes terremotos, pestes e fames en diversos lugares; cousas espantosas, e grandes sinais no ceo. Pero antes de todo isto botaranse sobre vós, perseguíndovos: levaranvos ás sinagogas e á cadea, ante reis e gobernadores por causa miña; así teredes a oportunidade de dar testemuño. Metede ben na cabeza que non tedes que preocuparvos pola vosa defensa, que eu vos darei unha elocuencia e mais unha sabedoría que non poderán resistir nin replicar os vossos adversarios. Entregaránvos, mataranvos a algúns de vós, e todos vos aborrecerán por causa miña, mais non perderedes nin un pelo da vosa cabeza. Coa vosa perseveranza, salvaredes as vosas vidas.

Palabra do Señor

(**sentad@s**)

gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



**Non teñamos medo,
a vida non é
un camiño fácil,
pero non se pode
perder a esperanza.**

- * A pesares de todo o que está pasando nos países que viven guerra, **non podemos perder a esperanza**
- * A pesares de que se seguen pechando portas a persoas que só buscan refuxio, **non podemos perder a esperanza**
- * A pesares de que moitas mulleres malviven violencia de xénero, **non podemos perder a esperanza**
- * A pesares de que non sempre coidamos da terra e da natureza como se debería, **non podemos perder a esperanza**
- * A pesares de que nos sentimos moitas veces menos valorados por vivirmos no rural, **non podemos perder a esperanza**
- * A pesares de que moitas veces enchemos a fe de rutinas e costumes que xa non nos din nada, **non podemos perder a esperanza**
- * A pesares de todas as razóns que temos para queixarnos, **non podemos perder a esperanza**
- * Con Xesús á nosa beira “NON TEÑAMOS MEDO”

PROFESIÓN DA FE

***Celebrante** Neste encontro parroquial, sabendo que Ti, Señor, es o Deus que nos das forza para seguir camiñando e loitando a pesares das dificultades e dos atrancos, hoxe queremos nós comprometer nos dando resposta coa nosa fe. Dicimos:*

*♪ **Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

Monitor/a:

Creemos en Deus, Pai e Nai

o Deus da vida, fonte e destino dos que queren vivir con esperanza?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Creemos en Xesús Cristo,

que fixo do seu vivir compromiso por erguer a vida dos pequenos e dos asoballados?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Creemos no Espírito Santo,

que alenta en nós para enfortecer o noso camiño de esperanza a pesares dos atrancos e fracasos que a vida moitas veces nos dá?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Creemos na igrexa,

comunidade que quere amar a vida, que se escandaliza cos abusos e que necesita facelo mellor?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Fiándonos de Xesús, ergamos a nosa voz ao Pai para que escoite as necesidades que hoxe lle presentamos. Dicimos:*

Fai xustiza, Señor

Monitor/a

✓ Pola igrexa, para que renovemos o noso compromiso pola vida rexeitando e condenando os abusos, e ilusionando a quen xa perdeu toda esperanza. Oremos

✓ Polas persoas que teñen mermadas as condicións de dignidade da súa vida: persoas abandonadas, esquecidas, empobrecidas, enfermas, ... Oremos

✓ Polas nosas comunidades parroquiais, para que non nos deixemos mover pola indiferenza e a rutina no noso vivir, e sempre se poida contar co noso dar unha man. Oremos

✓ Polas persoas que sofren as consecuencias da guerra, da violencia e dos abusos. Oremos

✓ Polas persoas nos dan exemplo facéndoo ben sen medo a arriscar a súa propia vida. Oremos

Celebrante: *Grazas Señor porque nos escoitas e nos enforteces para ser alento de vida na nosa sociedade, a pesares das dificultades e atrancos, Ti, que vives e reinas por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Rezamos agora a oración que Xesús nos aprendeu pedindo a chegada do seu reino. Sen medo, rezamos confiados:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Queremos unha vida e unha eternidade de paz? Poñámonos a construíla!.*

O signo da paz é fermento que fará levedar a Vida en eternidade, con Deus. Como igrexa, poñamos hoxe e sempre o mellor para ben dos demais. Non teñamos medo a dar unha man a quen pensa, vive ou cre diferente. Non teñamos medo a dar unha man a quen se sente asoballado e canso. Non teñamos medo a quen non ofrece a súa man para camiñar en PAZ.

🎵 **nº 38** *Que medre a paz na nosa terra*

COMUÑÓN

Celebrante: *Esta mesa de parroquia, este altar é signo do compartir na vida. Participar hoxe é comprometerse para estar atentos ás necesidades da xente, para loitar contra tantas inxustizas, e para seguir mantendo o noso exemplo de fe.*

Ditosos nós por ser invitados a compartir coma irmáns este pan do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 43** *Non vou so*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, Noso Pai,
que a experiencia de compartir a Mesa de Cristo
nos encha da túa graza
para compartir tamén a mesa da vida,
servíndote a Ti nos nosos irmáns e irmás.

Confiamos en que os atrancos da vida
non impidan a nosa esperanza
para facer crible un mundo mellor.

Confiamos en Ti, Pai, que vives e reinas
por sempre eternamente. Amén

Non teñamos medo e manteñamos a esperanza a pesares das dificultades da vida.

Deus quérenos atentos aos acontecementos do día a día pois neles temos ocasión para facer crible un mundo mellor.

Non deamos as costas ás persoas e aos pobos que foxen da morte, e o único que buscan son migallas de vida en paz.



**FAGÁMOLO BEN
E SEXAMOS VIDA
CON TODAS
AS PERSOAS
QUE NON TEÑEN
ESPERANZA**

**“Non vos asustedes, non teñades medo,
Coa vosa perseveranza teredes VIDA”**

Palabras de Xesús no evanxeo de hoxe

Avísase das misas (ver folla do mes)

***Que teñamos un bo día, unha boa semana
e o Señor nos bendiga,† nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén
Podémonos ir en paz. Dámoslle grazas a Deus***